



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



PROXECTOS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL PARA CENTROS EDUCATIVOS GALEGOS

PROXECTOS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL

MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA

- Actuacións na envolvente do edificio:
 - Illamento en fachada
 - Substitución da carpintería exterior
 - Substitución da cuberta
- Substitución das luminarias por outras LED
- Substitución da caldeira de gasóleo por biomasa

MELLORA FUNCIONAL

- Pintado segundo o Estudio cromático para centros educativos
- Substitución do falso teito por outro acústico
- Colocación do elemento de identidade corporativa



CUBERTAS

01.01 m2 CUB. PANEL NERV.30 (LAC+AISL+LAC)

Cuberta completa formada por **panel inteiro, sen solapes, de 30 mm de espesor**, en cor a elixir pola D. F., e **acabado tipo HDX 55** ou similar, conformado con chapa de aceiro galvanizado de 0,6 mm. de espesor exterior e 0,5 interior, perfil nervado, lacado ao exterior e ao interior, con **recheo intermedio de espuma de poliuretano**; panel ancorado á estrutura mediante abarcóns, ganchos ou tornillos autorroscantes, segundo as condicións do soporte e ordes da DF. Remate dos paneis: dobrada de chapa superior cara arriba en cumbreiras e limatesas, dobrado da chapa superior cara abaixo en lima hoias e canlóns para protección do poliuretano ou solucións equivalentes. Remates realizados con chapa de aceiro galvanizado e lacado de 0,8 mm. de espesor, de 625 mm. de desenrolo, cumbreiras e limatesas troqueladas, recheas con poliuretano, incluso pequeno material de fixación, xuntas de estanquidade, p.p. de tapaxuntas, remates, pezas especiais de calquera tipo, medios auxiliares, segundo NTE/QTG-7. Non se admiten solapes entre paneis, debéndose dispoñer pezas enteiras.

01.02 m2 ILLAMIENTO PANEL LÁ DE ROCA 10 cm

Instalación de illamento térmico, sobre forxado baixo cuberta, con **panel de lá de roca de dobre densidade**, con unha superficie hiperdura por unha cara, tipo 386 DUROCK-BIGPANEL de ROCKWOOL ou equivalente, **de 100 mm de espesor**, densidade da capa superior 210 kg/m³ e capa inferior 135 kg/m³ de densidade, **condutividade térmica de 0'039 W/(mK)**, calor específico 0'84 kJ/kg K a 20°C, reacción ao fogo A1, resistencia ao paso do vapor de auga 1'3, totalmente colocado, con parte proporcional de custos indirectos, i/limpeza completa da superficie de apoio, con retirada e transporte a vertedeiro de calquera elemento existente sobre o forxado que sexa preciso eliminar, incluso desprazamento de materiais u obxectos existentes nesa zona, a un novo emprazamento, segundo instrucións da dirección do centro ou a DF.



CUBERTAS



ILLAMENTOS DE FACHADA

02.01 m2 ILL. TERMICO FACHADA INXECCION EN CAMARA

Illamento térmico de fachadas con sistema ThermaBead ou equivalente, consistente na inxección conxunta a baixa presión de perlas expandidas de EPS (Neopor de BASF) e adhesivo na cámara de aire, que forman un illamento ríxido e continuo que rechea a cámara completamente. Condutividade térmica (λ) 0,034 W/mK; mellora da transmitancia térmica (U) entre un 62% e un 82%. Incluído inspección e selado da cámara, preparación de accesos ás áreas de traballo, realización e posterior selado das perforacións e calquera tipo de medio auxiliar, así como p.p. de andamiaxe.



ILLAMENTOS DE FACHADA

02.02 m2 REVEST. TERM. FACHADA PROSYSTEM +ZÓCALO ANTIVANDÁLICO EN ZONA INFERIOR

Subministro e colocación de **revestimento térmico de fachada** formado por:

- 1º) PREPARACIÓN E LIMPEZA DO SOPORTE. Preparación do soporte mediante limpeza (hidrolimpiadora agua + area) de pintura ou revestimento existente hasta asegurar a adherencia do morteiro adhesivo do illamento ao soporte, repaso da superficie e eliminación de elementos soltos, con risco de desprendemento ou capas de acabado sen adherencia, e tratamento das fendas: apertura, chegando ata a súa base con sumo coidado de no danar elementos contiguos, e posterior bloqueo das mesmas mediante a introdución de grapas de varilla inox. roscada de 6mm cada 25 cm dispostas perpendicularmente á fenda y recheo con morteiro tixotrópico de reparación e malla de fibra de vidro de 1x1 cm, deixando o soporte listo para a aplicación do morteiro de adherencia do revestimento de fachada.

- 2º) FACHADA. Subministro e aplicación do sistema de illamento térmico SATE PROSYSTEM de BAUMIT ou equivalente para a fachada, realizado con **placas de illamento térmico de poliestireno expandido EPS gris** de 15 a 18 kg/m3 e **de 80 mm de espesor** StarTherm (gris) con **condutividade térmica de 0,032W/mK** adheridas ao soporte previamente limpo de pó e graxas, mediante o morteiro adhesivo ProContact sobre a placa cubrindo un mínimo de superficie de pegado do 40%. Colocación de espigas Espiga H1 ECO 115", a razón de 6 espigas mínimo por m2, tapadas e enrasadas, seguindo instrucións do fabricante. Lixado das superficies con EPS para eliminar rebabas en unións e regularizar esquinas. Reforzos en esquinas con perfil de esquina con malla, reforzo en diagonal nas 4 esquinas dos ocos con StarTex de 20x40cm, conexións con premarcos e marcos mediante cinta seladora, perfiles de conexión coa ventá mediante perfil básico, xuntas de dilatación con perfil para xuntas de dilatación, goteróns con perfil antigoteo, etc., todos eles do mesmo sistema e fixados con morteiro adhesivo ProContact. Selado das xuntas resultantes do sistema con outros elementos con cinta seladora (FugendichtBand), perfil de arranque SockelProfil, incluso listón para perfil de arranque SockelProfilAufsteckleiste. Revestimento de endurecemento superficial das placas mediante capa de enfoscado de mínimo 3 mm de espesor realizada co morteiro adhesivo ProContact armado con malla de fibra de vidro alcalirresistente StarTex, solapada entre si 10 cm. Aplicación de imprimación UniPrimer. **Acabado final con revoco decorativo NanoporFINE con textura 1 mm**, aplicado manualmente, acabado en cor a elixir pola D.F. Todo isto seguindo instrucións do fabricante. Incluídos p. p. de accesorios y pequeno material.

- 3º. ZÓCALO. Subministro e aplicación do sistema de illamento térmico SATE PROSYSTEM de BAUMIT ou equivalente para a fachada descrito anteriormente con **reforzo POWERFLEX (antivandálico) ata un máximo de 2 m** segundo indicacións e definición da DF, **con dobre malla Startex** e acabado con revoco decorativo NanoporFINE con textura 1 mm, aplicado manualmente, seguindo instrucións do fabricante, en cor a elixir pola DF, totalmente instalado incluso p. p. de accesorios e pequeno material.

- 4º **REMATES**. Incluídos p.p. de execución de revestimento térmico de aleiros, chemineas, xambas e dinteis de ocos, enfoscado de mínimo 3 mm de espesor con ProContact armado con malla StarTex e acabado final con NanoporFINE similar ao da fachada. Suplementos de illamento ou revestimento para conseguir a planeidade desexada . Execución e replanteo de xuntas segundo indicacións da DF: xuntas de traballo con emprego de cinta adhesiva, solapes, xuntas de dilatación horizontais ou verticais con dobre perfil U en aceiro inox, con selado de masilla nas xuntas. Remate en ventás que se manteñen con perfil de aluminio como suplemento do existente, remate en ventás novas con perfil de aluminio como remate e formación de goterón en dintel e perfil de aluminio en mochetas ata a carpintería exterior, perfil en U de arranque de aluminio e fijación do mesmo en zona baixa propio do sistema, encontro coas carpinterías con perfil de aluminio de arranque en esquina, accesorios necesarios para instalación de cargas. Retirada e reposición de rexas de ventilación, conducións e cableado grapado a fachada.

- 5º **MEDIOS AUXILIARES**. Inclúense como p.p. os andamios ,os medios de elevación, as ferramentas e pequena maquinaria necesaria para realizar os traballos. Totalmente terminado. Medida a fachada descontando ocos maiores de 1m².

ILLAMENTOS DE FACHADA



ILLAMENTOS DE FACHADA



CARPINTERÍAS EXTERIORES

03.01 m2 CARPINTERÍA AL. NAT. COR-4200 CORREDEIRA C/RPT

Subministro e colocación de **carpintería exterior corredeira de aluminio anodizado, sistema tipo COR-4200** Cortizo ou similar, con rotura da ponte térmica, de canal europeo, de dimensións, apertura, posición e colocación de ventás segundo documentación gráfica. Composta por perfís tsac ou similar de aleación de aluminio 6063 e tratamento T-5. Marco e folia teñen unha profundidade de 60 mm e 33 mm respectivamente. O espesor medio dos perfís de aluminio é de 1,5 mm. Os perfís de aluminio están provistos de rotura da ponte térmica obtida por inserción de varillas illantes de poliamida 6.6 de 24 mm de profundidade reforzadas con un 25% de fibra de vidro. Accesorios, herraxes de colgar e apertura homologados, xuntas de acristalamento de EPDM de alta calidade, tornillería de aceiro inox, elementos de estanquidade, accesorios e utillaxes de mecanizado homologados. Incluso p/p de garras de fixación, selado perimetral de xuntas por medios de un cordón de silicona neutra e axuste final en obra. Perfilaría, xuntas e herraxes con certificación de marcado CE segundo UNE-EN 14351-1.

Elaborado en taller. Acabado superficial anodizado, efectuado nun ciclo completo que comprende as operacións de desengrase, lavado, oxidación anódica, coloreado e selado. O espesor e calidade da capa anódica cun valor mínimo clase 15 micras. Inclúe colocación da carpintería, axuste da folia, selado de xuntas perimetrais, realización de probas de servizo, herraxes, manillas e remates. **Incluso remates perimetrais exteriores e interiores en chapa pregada de aluminio anodizado**, colocación segundo planos de detalle. Totalmente montada e probada.

03.02 m2 CARPINTERÍA AL. FIXA E PRACT. COR-3500 C/RPT

Subministro e colocación de **carpintería exterior con parte fixa e parte practicable para acristalar con Sistema tipo COR 3500** abisagrada con rotura da ponte térmica ou similar, de dimensións, apertura, posición e colocación segundo documentación gráfica e instrucións da D.F., realizada con canal europeo composto por perfís de aluminio extruído tsac aleación de aluminio 6063 e tratamento T-5. O espesor medio dos perfís de aluminio é de 1,5 mm. Os perfís de aluminio están provistos de rotura da ponte térmica obtida por inserción de varillas illantes de poliamida. Accesorios, herraxes de colgar e apertura homologados, xuntas de acristalamento de EPDM de alta calidade, tornillería de aceiro inox, elementos de estanquidade, accesorios e utillaxes de mecanizado homologados. Incluso p/p de garras de fixación, selado perimetral de xuntas por medio dun cordón de silicona neutra e axuste final en obra. Perfilaría, xuntas e herraxes con certificación de marcado CE segundo UNE-EN 14351-1. Elaborado en taller. Acabado anodizado en cor definida pola dirección facultativa con 20 micras, calidade EWAA-EURAS, efectuada con ciclo completo que comprenda as operacións previas de limpeza, desengrase e satinado. Todo fabricado en taller e instalado e acristalado en obra coas seguintes características:

- Marcos tubulares multicámaras simétricas baseados nun módulo de 55 e 63mm. Rotura da ponte térmica por ensamblaxe con barretas de 24mm de poliamida reforzada cun 25% de fibra de vidro. Drenaxe oculta dispoñible en travesaños e marcos.
- Follas multicámara baseadas nun módulo de 55 e 63mm.
- Ocultación completa das xuntas exteriores.
- Manilla tipo inoxidable de Cortizo e tirador de aceiro inoxidable. Herraxes na cor da carpintería, propios del sistema.
- Posta en obra con perfís complementarios ensamblados no autoclip do marco.
- Travesaños verticais segundo detalles de carpintería reforzados con perfil de reforzo de 14mm de espesor, cara o interior.
- Apertura practicable limitada segundo instrucións da D.F., con chave amaestrada segundo posición e plan supervisado pola D.F, rixidizadores de bisagras, enmarcadas polos reforzos verticais.

Permeabilidade ao aire segundo Norma UNE-EN 12207:2000, Clase 4, Estanquidade á auga segundo Norma UNE-EN 12208:2000 Clase E1200, Resistencia ao vento segundo Norma UNE-EN 12210:2000 Clase C5. Selado de xuntas con cerramento. Estanca ao aire e ao impacto da chuva.(600.Pa) Permeabilidade de vapor de auga evolutiva. Espuma elástica STP mono compoñente Fm810 de ILLBRUCK ou similar en calidade e prezo para o selado de carpinterías exteriores. Con marcado CE. Colocada sobre soporte existente. Incluso adaptación do oco, i/parte proporcional de accesorios, **pezas de remate/recercados de aluminio anodizado co resto paramentos polo interior e exterior, verteaugas inferior de aluminio anodizado** segundo detalle construtivo, banda impermeable perimetral segundo CTE, montaxe e regulación. s/NTE-FCL.

CARPINTERÍAS EXTERIORES

03.03 m2 CARPINTERÍA AL. NAT. PUERTA MILLENNIUM PLUS C/RPT

Subministro e colocación de **carpintería exterior abisagrada de 70 mm de aluminio anodizado, sistema tipo PORTA MILLENNIUM PLUS** Cortizo ou similar, con rotura da ponte térmica, de canal europeo, de dimensións, apertura, posición e colocación de portas segundo documentación gráfica e instrucións da D.F., incluíndo dispositivo antipánico. Composta por perfís tipo tsac de aleación de aluminio 6063 e tratamento T-5. Marco e folla teñen unha sección de 70 mm cun espesor medio dos perfís de aluminio de 2,0 mm. A folla e o marco son coplanarios. As bisagras mecánicas de dous ou tres palas soportan ata 220 Kg de peso máximo por folla e 120 Kg no caso de bisagras ocultas. A resistencia ao impacto de corpo brando é de Clase 5 segundo norma UNE. Os perfís de aluminio están provistos de rotura de ponte térmica obtida por inserción de varillas illantes de poliamida 6.6 de 24 mm de profundidade reforzadas cun 25% de fibra de vidro. Estanquidade por un sistema de triple xunta de EPDM. Accesorios, herraxes de colgar e apertura antipánico homologados coa serie subministrados por STAC Cortizo, xuntas de acristalamento de EPDM de alta calidade, tornillería de aceiro inox, elementos de estanquidade, accesorios e utilaxes de mecanizado homologados. Perfil de soleira de altura 8 mm. Cerraduras de seguridade tipo tesa TX80 con amaestramento segundo criterios da D.F., manilla tipo cortizo inoxidable. Incluso p/p de garras de fixación, selado perimetral de xuntas con cerramento mediante Membrana Duo formada por unha película de copolímero de polietileno reforzada dun fieltro e dotado con bandas adhesivas e dunha rede plástica para fixación sobre o soporte, cordón de silicona neutra e axuste final en obra. Perfilaría, xuntas e herraxes con certificación de marcado CE segundo UNE-EN 14351-1. Elaborado en taller e montado en obra. Acabado superficial anodizado, efectuado nun ciclo completo que comprende as operacións de desengrase, lavado, oxidación anódica, coloreado e selado. O espesor e calidade da capa anódica cun valor mínimo clase 15 micras, calidade EWAA-EURAS. Inclúe colocación da carpintería, axuste da folla, selado de xuntas perimetrais, realización de probas de servizo, herraxes, manillas e remates. **Incluso remates perimetrais exteriores e interiores en chapa pregada de aluminio anodizado** en cor natural, colocación segundo planos de detalle. Cerraportas no marco superior para gran intensidade de tráfico e peso necesario tipo Tesa CT3000 segundo mostra a escoller pola D.F. Totalmente montada e probada.

03.04 m2 CLIMALIT SILENCE+PLT "XN" 4/14/3+3 (int./cám./ext.)

Dobre acristalamento Climalit de espesor total 24 mm, formado por un **vidro baixo emisivo Planitherm XN incoloro de 4 mm** (76/60) e un **vidro laminado acústico e de seguridade Stadip Silence 6 mm. de espesor (3+3)** e cámara de aire deshidratado de 14 mm con perfil separador de aluminio e dobre selado perimetral, fixado sobre carpintería cun acuñado mediante calzos de apoio perimetrais e laterais e selado en frío con silicona neutra, incluso colocación de xunquiños, segundo NTE-FVP.



CARPINTERÍAS EXTERIORES

03.05 ml CAIXA DE PERSIANA COMPACTA

Caixa de persiana compacta, de chapa de aluminio, anodizado en cor natural, de 1,5 mm. de espesor, tornillería e prisioneiros de aceiro inoxidable, recibido con morteiro de cemento e arena de río 1/6, incluso selado de xuntas con silicona neutra, limpeza e custos indirectos. Totalmente montada e funcionando.

03.06 m2 PERS. ENR. ALUM. 8X30 ANODIZ. ILL

Persiana enrolable de aluminio anodizado, con lamas de 80x30 mm. e illamento térmico a base de espuma inxectada de poliuretano. Cos seus correspondentes guías para as lamas, i/accesorios, montaxe e p.p. de custos indirectos

03.07 ud TORNO MANUAL ACCNTO. PERSIANA

Torno para accionamento de persiana mediante cable baixo guía e manecilla de aluminio incluso caixa de mecanismo e recibido, totalmente montado e instalado, dentro do perfil da ventá..



ILUMINACIÓN

04.01 ud EQUIPO DE LUMINARIA REGULABLE 60x60 CM UGR<19

Subministro e colocación de iluminación de empotrar de LED (segundo o resultado do estudio lumínico do recinto), para filas en aulas, biblioteca, sala profesores e despachos con entradas de luz natural a menos de 5 metros, modelo CoreLine empotrable RC127 V LED 34S/840 PSD W60L60 OC de Philips ou similar, con cable flexible 750 V 2x1,5+TTT mm² Cu ES07Z1-K(As), tubo PVC refor. Abocar. M20/gp7 ou minicanal de cor branca, p.p. caixas de derivación, regletas, soportes, ancoraxes e pequeno material para a alimentación das luminarias desde os puntos de alimentación existentes, conxunto do sistema con eficacia luminosa>80 lum/W, en LED, cun índice de reprodución cromática>80%, UGR<19 e cunha temperatura de cor do entorno de 4.000°K. Cun equipo electrónico cunha tensión de rizado ORC<4%. Vida útil>=50.000h L70. Incluída man de obra, sistema de regulación DALI e pequeno material.

04.02 ud EQUIPO DE LUMINARIA NON REGULABLE 60x60 CM UGR<19

Subministro ecolocación de iluminación de empotrar de LED (segundo o resultado do estudio lumínico do recinto), para filas en aulas, biblioteca, sala profesores e despachos sen entradas de luz natural a menos de 5 metros, modelo CoreLine Panel RC127V LED34S/840 PSU W60L60 OC de Philips ou similar, con cable flexible 750 V 2x1,5+TTT mm² Cu ES07Z1-K(As), tubo PVC refor. Abocar. M20/gp7 ou minicanal de cor branca, p.p. caixas de derivación, regletas, soportes, ancoraxes e pequeno material para a alimentación das luminarias desde os puntos de alimentación existentes, conxunto do sistema con eficacia luminosa>80 lum/W, en LED, cun índice de reprodución cromática>80%, UGR<19 e cunha temperatura de cor do entorno de 4.000°K. Vida útil>=50.000h L70. Cun equipo electrónico cunha tensión de rizado ORC<4%. Incluída man de obra e pequeno material.

04.03 ud EQUIPO DE LUMINARIA NON REGULABLE 60x60 CM UGR<22

Subministro e colocación de iluminación de empotrar de LED (segundo o resultado do estudio lumínico do recinto), para corredores, aseos e zonas comúns sen entradas de luz natural a menos de 5 metros, modelo CoreLine Panel RC125B LED34S/840 PSU W60L60 NOC de Philips ou similar, con cable flexible 750 V 2x1,5+TTT mm² Cu ES07Z1-K(As), tubo PVC refor. Abocar. M20/gp7 ou minicanal de cor branca, p.p. caixas de derivación, regletas, soportes, ancoraxes e pequeno material para a alimentación das luminarias desde os puntos de alimentación existentes, conxunto do sistema con eficacia luminosa>80 lum/W, en LED, cun índice de reprodución cromática>80%, cunha temperatura de cor do entorno de 4.000°K. Vida útil>=50.000h L70. Cun equipo electrónico cunha tensión de rizado ORC<4%. Incluída man de obra e pequeno material.



ILUMINACIÓN

04.04 ud EQUIPO DE REGULACIÓN

Subministro e colocación de sistema de regulación multisensor e controlador de iluminación DALI nun só equipo para o control de ocupación, luz natural, regulando gradualmente o fluxo da luminaria cando o nivel de iluminancia sobre o plano de traballo debido á aportación de luz natural estea por encima do valor seleccionado, modelo OccusSwitch Dali BMS LRM 2090 BMS de Philips ou similar. Capacidade para controlar un mínimo de 15 luminarias. Compatible co estándar de xestión BMS. Para montaxe empotrado en teito ou superficie e para alturas de entre 2,5 y 4 metros.

04.05 ud EQUIPO DE DETECCIÓN DE MOVIMIENTO

Subministro e colocación de sistema de detección de movemento para o acendido e apagado de luminarias en **zonas comúns**, modelo LRM1000 de Philips ou similar. Capacidade de carga máxima de 400 VA (lámpadas LED) para altura de montaxe en teito de 2-4 metros, tempo de retardo (axustable) de 10s a 5 min., inhibición luz diurna (axustable) de 2 a 2.000 lux, cun área mínima de detección desde teito a 2,8m (5m pequeno movementos, 12m mov. transversais).

04.06 ud EQUIPO DE LUMINARIA ESTANCA NON REGULABLE 60x60 CM

Subministro e colocación de iluminación de empotrar 60x60 ou de superficie de LED, para **cocinas, zonas de ducha e sala de caldeiras**, modelo CoreLine Estanca WT120C LED40S/840 PSU L1200 de Philips ou similar, cun mínimo de P44, con cable flexible 750 V 2x1,5+TTT mm² Cu ES07Z1-K(As), tubo PVC refor. Abocar. M20/gp7 ou minicanal de cor branca, p.p. caixas de derivación, regletas, soportes, ancoraxes e pequeno material para a alimentación das luminarias desde os puntos de alimentación existentes, conxunto do sistema con eficacia luminosa>90 lum/W, cun índice de reprodución cromática>80%, UGR<19 e cunha temperatura de cor do entorno de 4.000°K. Vida útil>=50.000h L70. Cun equipo electrónico cunha tensión de rizado ORC<4%. Incluída man de obra e pequeno material

04.07 ud EQUIPO DE DETECCIÓN DE MOVIMIENTO ESTANCO

Subministro e colocación de sistema de detección de movemento para o acendido e apagado de luminarias en **cociñas e salas técnicas**, modelo LRM1011 de Philips ou similar. Capacidade de carga máxima de 900 VA (fluo EM) e 500 VA (lámpadas LED) para unha altura de montaxe en teito de 2-5 metros, tempo de retardo (axustable) de 10s a 30 min., inhibición luz diurna (axustable) de 2 a 1.000 lux, cun área mínima de detección desde teito a 2,5 m (5 m pequeno movementos, 6 m mov. Transversais).

FALSOS TEITOS

05.01 m2 F.T. REG. 60x60 CM EKLA 20 MM

Subministro e montaxe de falso teito rexistrable constituído por panel acústico autoportante de lá de roca, modelo Ekla de Rockfon ou similar, composto por módulos de 600x600x20 mm, con absorción acústica $\alpha_w=1,00$ e reacción ao fogo A1, instalado con perfilería vista, incluso p.p. de perfíles primarios e secundarios, ángulo de borde, elementos de remate e elementos de suspensión e fixación (varilla roscada), tabicas de cartón-xeso, elementos de remate e calquera tipo de medio auxiliar, así como p.p. de andamiaxe, segundo NTE-RTP.

05.02 m2 F.T. REX 60X60 CM

Falso teito rexistrable de placas de xeso laminado con revestimento vinílico normal (N) branco, de 60x60 cm, tr 9,5 mm, suspendido de perfilería vista; incluso p/p de elementos de remate, accesorios de fixación, montaxe e desmontaxe de andamios, terminado segundo NTE-RTP-17, medido deducindo ocos superiores a 2 m².



PINTURAS

06.01 m2 PINTURA PLÁSTICA

Pintura plástica branca/cores mate para interior de máxima calidade e duración, sobre paramentos horizontais e verticais, dúas mans. Con varias cores en cada local segundo planos. Sen disolventes, gran cubrición, non salpica e resistente ao frote húmido segundo DIN 53778. Evita a aparición de mofo. i/ pp protección de elementos, cepillado para eliminar a pintura vella non adherida e reparación de zonas danadas con masilla plástica sobre soportes pintados anteriormente. Sobre superficies moi porosas aplicar unha man de imprimación transparente e non peliculante á auga.

06.02 m2 PINTURA MINERAL

Pintura mineral de sol-silicato ultra mate para interiores de máxima calidade a base de silicato potásico e pigmentos inorgánicos (Optil de Keim ou similar), máxima adherencia e transpirable, para uso interior ou incluso exterior en fachadas; sobre soportes minerais, acabado liso mate, imprescindible imprimación con solución de silicato potásico; en varias cores en cada local segundo planos. Características: Base ligante, sol-silicato. Contido orgánico < 5% segundo DIN 18 363, 2.4.1. Con certificado ecolóxico "natureplus". Sen conservantes nin plastificantes. Reacción ao fogo, clase A2-s1,d0 segundo EN 13501-1. Resistencia ao paso do vapor de auga, sd < 0,01 m. Resistencia ao frote húmido, clase 2 segundo EN 13300. Moi mate (grao de brillo a 85°, 1,5). Aplicación a cepillo, rodillo ou air-less, segundo Ficha Técnica del fabricante.

06.03 m2 PINTURA ESMALTE P/ MADERA

Pintura ao esmalte satinado sobre carpintería de madeira, melamina ou laminados, en cores variadas definidas en planos, i/lixado, imprimación, plastecido, man de fondo e acabado con dúas mans de acabado de esmalte.

06.04 m2 PINTURA AO ESMALTE CARP. MET.

Pintura ao esmalte satinado, dúas mans e unha man de imprimación ou antioxidante sobre carpintería metálica ou cerraxería, i/rascado dos óxidos e limpeza manual.

06.05 m2 ESMALTE SINTÉTICO RES. ALTAS TEMP.

Esmalte sintético resistente a altas temperaturas, cor igual ao paramento sobre o que se sitúe o radiador ou tubaxes de calefacción, sobre superficie de ferro o aceiro, limpeza e preparación da superficie a pintar, mediante medios manuais ata deixala exenta de graxas, dúas mans de imprimación anticorrosiva con propiedades anticorrosivas e dúas mans de acabado con esmalte sintético resistente a altas temperaturas.



06.06 m2 EMPLASTECIDO DE ELEMENTOS VERT. ALICATADOS

Emplastecido de paramentos verticais alicatados con masilla específica composta por cargas minerais, ligantes hidráulicos e resinas sintéticas (Tipo Aguaplast cubre cerámica de Beissier, Ardex R1 ou similar). Incluso p/p de preparación previa do soporte mediante retirada de azulexos non adheridos ou rotos, limpeza para conseguir soportes limpos, secos, libres de pó, graxas e ceras; formación de xuntas, rincóns, arestas, remates nos encontros con paramentos, revestimentos ou outros elementos recibidos na súa superficie e protección da carpintería con cinta adhesiva de pintor. Aplicado en dúas mans con llana lisa ou espátula de aceiro inoxidable, deixando unha capa de 2 a 3 mm e posterior lixado da superficie deixando o soporte totalmente preparado para o acabado de pintura. Medirase a superficie realmente executada segundo especificacións de proxecto, deducindo os ocos de superficie maior de 3 m², engadindo a cambio a superficie da parte interior do oco, correspondente ao desenrolo de xambas e dinteis.

06.07 m2 IMPRIMACIÓN MULTIADHERENTE

Imprimación multiadherente (Beisser todo terreo ou similar) de cor branca que actúa como ponte de adherencia e preparación para pintar sobre todo tipo de superficies (melaminas ou laminados), i/limpeza previa da superficie con deterxente amoniacal e lixado suave, aplicada a brocha ou pistola, segundo NTE-RPP-3.

06.08 m2 ALISADO PARAM. INT.

Alisado e nivelado de paramentos interiores revestidos con pintura con textura picada ou gotelé, mediante plaste en pó, cor branca, aplicado con llana ou espátula en sucesivas capas, ata obter unha superficie lisa para acabado pintado ou colocación de revestimento mural de cortiza, i/limpeza previa do soporte para garantir a adherencia da masilla. No caso de que o ancoraxe da pintura existente sobre a pasta de picado sexa deficiente deberase eliminar esta previamente á aplicación da masilla.

06.09 m2 REVEST. CORTIZA

Revestimento en paramentos verticais de cortiza natural sen barnizar en rolos de 1,00 m. de ancho, 5 mm. de espesor, recibido con pegamento sobre enfoscado, i/ alisado e limpeza, s/NTE-RSF, medida a superficie executada.

IDENTIDADE CORPORATIVA

07.01 ud IDENTIDADE CORPORATIVA

Unidade de creación de identidade corporativa que reproduza a proposta gañadora do concurso do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

